

**PRESENZA DE PLANTAS EXÓTICAS INVASORAS EN SAN XURXO, ESMELLE E COVAS: UNHA RAZÓN PARA RESTRINXIR E MESMO ELIMINAR AS EDIFICACIÓNS EN HÁBITATS FRÁXILES E FACILMENTE VULNERABLES FRONTE Á ACCIÓN HUMANA**

**RODRÍGUEZ LAMELA, Fernando**  
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro (Ferrol)

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa 83ª sesión plenaria:

*... Preocupada pola perda continua de diversidade biolóxica e recoñecendo que se necesita facer un esforzo sen precedentes para lograr o obxectivo de reducir significativamente para 2010 o ritmo de perda da diversidade biolóxica, profundamente preocupada polas repercusións sociais, económicas, ambientais e culturais da perda da diversidade biolóxica, e destacando a necesidade de adoptar medidas concretas para inverter esa perda...*

*Consciente da necesidade dunha educación eficaz para concienciar ó público sobre a importancia da biodiversidade para o benestar humano.*


**Declara o ano 2010 Ano Internacional da Biodiversidade Biolóxica.**

O lema da campaña: “**A biodiversidade é a vida. A biodiversidade é a nosa vida**”, remarca “o papel crucial da natureza en apoio da vida na Terra, incluíndo a nosa”.

Considerando que, actualmente, a introdución de especies exóticas invasoras está a ser a segunda causa de ameaza e extinción de especies; só por detrás da perda ou degradación do seu hábitat natural e co gallo de contribuír á educación sobre a importancia da biodiversidade e a súa conservación, propuxemos ós alumnos de Ciencias para o Mundo Contemporáneo estudar a presenza de plantas exóticas invasoras na zona costeira de Esmelle, San Xurxo e Covas.

Este espazo natural costeiro, comprendido entre o Monte de San Xurxo e o Cabo Prior, está incluído no Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) “Costa Ártabra” e forma parte da Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Costa de Ferrolterra-Valdoviño”. Trátase dunha zona en diferentes estados de conservación na que destaca o **Sistema dunar de San Xurxo** un sistema que alberga numerosas zonas húmidas interdunares que constitúe unha das mellores formacións deste tipo do litoral galego e dan acubillo a importantes comunidades de anfibios.

Moitos dos hábitats deste sistema dunar atópanse nun estado óptimo de conservación, aparecendo boas poboacións de flora rara e ameazada, entre as que cabe destacar os endemismos



*Linaria aguilonensis* (Paxariños amarelos) e *Antirrhinum majus subsp. Linkianum* (boca de dragón). Estas dúas especies botánicas, endemismos exclusivos do norte da costa coruñesa, figuran non Catálogo Galego de Especies Ameazadas como “En perigo de extinción” e están incluídas no “Atlas y libro Rojo de la Flora Vasculare Amenazada de España”.

De entrada tratamos o tema na aula:

- Que é unha especie invasora?
- Cales son as súas vías de entrada?
  - Se unha especie se comercializa, como mascota, como planta ornamental, como especie forestal, ..., antes ou despois obsérvanse exemplares no medio natural.
- Que sucede cando se introduce nun sistema onde non se atopaba de forma natural?
  - Impactos sobre os ecosistemas, afeccións sobre as especies nativas e beneficiosas para un hábitat, danos sobre a saúde humana e medioambiental, danos socioeconómicos, ...
- Os ecosistemas poden resistir o seu impacto ou; a chegada de novas especies poden provocar danos permanentes sobre eles? Que importancia téñen?
  - Consecuencias ecolóxicas sobre os individuos, sobre as comunidades, hibridación, creación de novos invasores, ...
- Como podemos loitar contra as especies exóticas invasoras?
  - Prevención, alerta temperá, posible eliminación, ...
- Cales son as plantas exóticas consideradas como invasoras en Galicia?
  - Utilizamos as fichas do manual publicado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza no ano 2007: “Plantas invasoras de Galicia: bioloxía, distribución e métodos de control”

Unha vez que aprendemos a recoñecer as posibles plantas exóticas invasoras, fixemos varias saídas de campo, para identificar as presentes na zona de estudio. Cos datos obtidos elaboramos un tríptico cun resumo dos impactos das plantas exóticas invasoras, con recomendacións para evitar a súa propagación e co mapa de presenza das mesmas na área estudada.

Con este pequeno traballo xa se pode ver que existe unha clara relación directa entre actividade humana (vivendas sobre todo) e presenza de plantas exóticas invasoras.

## BIBLIOGRAFÍA:

- Bañares et al (2004). “Atlas y Libro Rojo de la Flora Vasculare Amenazada de España”. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Madrid.
- Fagúndez e Barrada (2007). “Plantas invasoras de Galicia: Bioloxía, distribución e métodos de control”. Xunta de Galicia.
- GEIB (2006). “TOP 20: Las 20 especies exóticas invasoras más dañinas presentes en España”. Editado por GEIB Grupo Especialista en Invasiones Biológicas.
- Lowe et al (2004). “100 de las Especies Exóticas Invasoras más dañinas del mundo. Una selección del Global Invasive Species Database”. Publicado por el Grupo Especialista de Especies Invasoras (GEEI), un grupo especialista de la Comisión de Supervivencia de Especies (CSE) de la Unión Mundial para la Naturaleza (UICN)
- Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (2008). “Inventario de los sistemas dunares de la Provincia de A Coruña (Galicia)”.
- Pérez e Bouzó (2004). “As bioinvasións na Galiza” Edicións A Nosa Terra.